

ACTA DO CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS NOVOS VALORES 2023

-----oo0oo-----

No Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra, sendo as dez horas e trinta minutos do día dez de xullo do ano dous mil vinte e tres, reúnen-se as persoas que conforman o xurado do Certame de Artes Plásticas “Novos Valores 2023” e que se indican a continuación:

Presidente: José Manuel Rey García, Director do Museo de Pontevedra, en ausencia de Cesáreo Mosquera Lorenzo.

Vogais: - María Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes, Profesora asociada na Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Universidade de Vigo).
- Ramón Rozas Domínguez, Xornalista cultural e crítico de arte.
- Susana González Martínez, Directora da Colección de Arte da Fundación María José Jove (FMJJ).
- Carmen Nogueira Alonso, Artista e doutora en Belas Artes (Universidade de Vigo).
- Beatriz de San Ildefonso Rodríguez, Conservadora de Fondos Xerais do Museo de Pontevedra.

Secretaria: Xoana Soneira Villarino, por delegación do Secretario da Deputación de Pontevedra.

Dito xurado foi nomeado mediante Resolución Presidencial de 25 de maio de 2023 (núm.2023004164).

Toda vez que están presentes a totalidade das/os membros do Xurado declárase constituído o mesmo e procedese a elixir as obras ganadoras do citado certame entre as previamente seleccionadas na reunión do pasado día 12 de xuño e que figuran expostas no Museo.

Despois dunha ampla deliberación por todas/os membros do Xurado este acorda outorgar as catro becas ás/ós autoras/es das obras cuxos códigos e títulos son os seguintes:

- 1.- 1851-1888-1900 (cLaRCJHzbcJN89xHs6icA==)
- 2.- Estados intermedios Estados residuales (RMTno9RnkOIhc6ZaDM5VXA==)
- 3.- Canto custa unha imaxe? (7gjunWP50XOH9pVFfAyQlw==)
- 4.- Percorrer, atravesar, andar... (RMT09RnkOm9W8AI49Ui2w==)



Toda vez que a identificación das/os autores da obra aparece encriptada procédese, polo Servizo de Novas Tecnoloxías, a identificar ás/ós mesmas/os, resultando ser estes os seguintes:

- 1.- 1851-1888-1900. Autora: Sandra Barreiro Parguiña
- 2.- Estados intermedios Estados residuales. Autora: Antía Iglesias Fernández
- 3.- Canto custa unha imaxe?. Autor: Andrés Sanjurjo García
- 4.- Percorrer, atravesar, andar... Autora: Lucía Perdiz Dávila

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a reunión sendo as once horas e vinte e cinco minutos, do que, como Secretaria, dou fe.

